


# Revista O Gherreiro 2022

Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Curso 2021-2022

## Separata

### “O Fandiño” de Rebordelo, un avó gaiteiro e regueifeiro




## Introdución: A orixe deste artigo

No curso escolar 2019-20 comezamos a traballar no Equipo de Dinamización da Lingua Galega do instituto de Carnota (IES Lamas de Castelo) coa regueifa e un alumno de 4º de ESO, Lois González Luaces, comentou que o seu avó fora regueifeiro e gaiteiro. E como non podía ser doutro xeito comezamos a investigar o tema. Falounos dunhas coplas do seu avó e puxémonos en contacto coa nai para pedirlle consentimento e axuda para a realización deste traballo. Mari Carmen Luaces ofreceuse amablemente a responder moitas preguntas e achegounos información ben interesante sobre seu pai sen a que sería imposible redactar este traballo.

Tiñamos pensado publicar o artigo na revista *O Gherreiro* do 2020, pero non a fixemos por causa da pandemia e o confinamento derivado da COVID-19. Non editamos a revista en papel nin no 2020 nin no 2021, e este ano facémola en formato dixital. Volvemos a poñernos en contacto con Mari Carmen para pedirlle autorización de novo, co fin de rematar este traballo neste curso no que aínda é alumno do centro o seu fillo menor, Anxo González Luaces, neto de Federico. Agradecemos moito a súa colaboración para podermos redactar este artigo e a presentación das súas coplas, que agora publicamos na revista dixital *O Gherreiro* 2022 e nesta separata da revista.

# “O Fandiño” de Rebordelo, gaiteiro e regueifeiro



Federico Luaces Fandiño naceu no lugar de Rebordelo, parroquia de Salgueiros, no Concello de Dumbría o 9 de maio de 1920. El era o

pequeno de cinco irmáns (tres mulleres e dous homes) e entre el e a súa irmá maior había unha diferenza de vinte anos.

Seu pai foi emigrante en Bos Aires e os fillos quedaron aquí coa nai. Federico asistiu moi pouco tempo á escola, desde os 7 aos 9 anos, pero logo a deixou

ao falecer seu pai para poder botar unha man na casa. Cos cartos que fixera o pai na emigración conseguiron comprar unha casa e non tiveron que ser caseiros, como lles pasara a seus pais. Aínda así, os avós, con grande esforzo conseguiran comprar un obxecto moi prezado daquela, un reloxo de parede, que hoxe conserva a neta Mari Carmen Luaces, a nosa informante.

Cando comezou a Guerra Civil, Federico era un mozote de 16 anos e, segundo nos conta a filla, non ten a lembranza de telo pasado moi mal. Ao teren casa propia, ían facendo para si. Anos despois, Federico tería que ir ao servizo militar pero a nai arranxou os papeis para salvalo. Como seu irmán xa emigrara, el era o único fillo varón e iso axudouno a librar.

Nº 4327 198

Certifico que Don FEDERICO ELIAS LUACES. que dice

ser de estado SOLTERO, quien lee y escribe, cuya  
 fotografia, impresión dígito-pulgar derecha y firma, figuran al dorso,  
 es nacido el 9 de MAYO de 1920 en el pueblo de  
DUMBRIA, provincia de OSORNA, nación  
ESPAÑA, que tiene 1 m. cms. de estatura, el cutis de  
 color BLANCO, cabello CASTO, barba AFEITO, nariz  
 de dorso RECTO, base HOR., boca MED.  
 orejas MED., (parts. de la derecha)

Señas particulares visibles:

Es argentino.

Mat. Militar Nº                      del Distrito                      Rg.                     

Observaciones: INGRESO AL PAÍS EN EL AÑO 1950.

AÑO DEL LIBERTADOR GENERAL SAN MARTIN  
 DE JUNIO

de 19 50

OSCAR R. PRELLER  
 JEFE DEL SERVICIO

Ao cumprir os 30 anos, colleu tamén o camiño da emigración como xa fixeran seu pai e logo seu irmán e as irmás. Foi para Bos Aires e botou alá 8 anos, pero non chegou a afacerse e, en parte por iso, e en parte por vir coidar da nai, voltou en agosto do 1958. Durante a súa longa vida (Federico morreu aos 96 anos) tivo moitos traballos, pero só un oficio, o de reloxeiro, para o que se formara coa axuda dun mestre. Traballou como labrador, foi gaiteiro e regueifeiro, a súa grande afección, que é o motivo deste artigo; tamén botou anos como emigrante e nos seus últimos tempos foi xubilado. Segundo nos explicou a súa filla, era un home moi traballador e sempre se esforzou moito por conseguir o que quería. E con esta mesma idea educou os fillos e fillas. Decía que era moi importante estudar e esforzarse e animaba, en especial ás fillas, a estudaren para mestras, para que puidesen desenvolverse e teren unha independencia asegurada.

Neste artigo queremos centrarnos na súa faceta artística e musical, a de Federico, “O Fandiño” de Rebordelo, que era o alcume da familia de súa nai e co que o coñecía a veciñanza e tamén no mundo das festas ás que ía tocar a gaita ou regueifar.

A Federico a súa paixón pola música vénlle de moi novo. Arredor dos 9 anos, sendo un rapaciño ben novo, levaba as vacas ao monte, que era un dos labores que lles tocaba sempre aos pequenos, e aí comezou a tocar. Ao primeiro, cun tubo ao que el mesmo lle fixera uns buratos. Un día escoitouno un ferreiro e fíxolle a súa primeira frauta de metal. Con 10 anos foi de aprendiz cun reloxeiro e, despois dun tempo traballando con el, foi xuntando uns cartos e comprou a gaita dun gaiteiro que morrera. E desde que a tivo aproveitaba todo o tempo que podía para tocar e practicar co seu ben máis prezado, a gaita.

En agosto do 1936, ao pouco de se iniciar a Guerra Civil española, Federico

estaba tocando a gaita nunha romaría que había en Dumbría. Chegou un camión con militares e desfixo a festa a golpe de culatazos dos fusís. El fuxiu correndo entre o millo a canto lle daban as pernas. Contaba que o seu maior medo era que lle estragasen a gaita, mais conseguiu saír con éxito daquela aventura. Esa gaita, hoxe restaurada, consérvaa a familia e, ás veces, tócaa o seu neto Lois. Unha gaita asinada por B. Carril (taller Basilio Carril, Santiago), das que só se conservan esta e algunha da mesma época no Museo do Pobo Galego.





Mais non só era gaiteiro, senón que “O Fandiño” de Rebordelo tamén lle daba ben á regueifa. Gus-táballe moito e na zona de Dumbría era tradición. Nesta comarca, calquera festa remataba coa regueifa e, de tratarse dun casamento, quen mellor regueifara gañaba o premio, que era o bolo de pan (a regueifa). El tiña tanta afección que unha vez, con 15 anos, escapou pola ventá do cuarto para ir a unha festa e poder participar na regueifa. Para disimular, como era noite de luar e por se a nai entraba e puidese notar a súa falta, deixou a almofada na cama tapada.

A súa filla Mari Carmen cóntanos que seu pai lles falaba das competicións de regueifa que gañara polas parroquias veciñas, mais todo iso foi antes da Guerra Civil. Despois, todo quedara calado e as familias estaban de loito e tiñan medo. Todo estaba prohibido ou mal visto e a xente xa perdera o hu-

mor e a gana de festas. Todo era unha tristeza e unha penuria e foi así como Federico foi esquecéndose (ou ocultando) esta afección. Esa época foi terrible e quen máis quen menos tiña medo e todo resultaba perigoso. De feito, chegaran a facer revisión na casa de súa avoa (a nai de Federico) por se atopaban algo comprometido e, por ese motivo, chegaran a agochar a Biblia na corte, debaixo dunha pedra. Mesmo aqueles que soubesen ler e interpretar a Biblia podían ser considerados perigosos ou rebeldes. Tempos terribles.

Enténdese entón, que cando Federico marchou para Bos Aires non levase a gaita, ao non estar ben visto ser gaiteiro. Ademais de seren menosprezados por emigrantes, se chegaban tocando un instrumento do país de orixe, podía causarlles problemas. Ou era o que el pensaba daquela, tristemente.



Aínda así, ao voltar da emigración e nos últimos anos da súa vida, como xubilado, volveulle en parte a afección pola música e a regueifa e de aí que poidamos hoxe conservar algunhas das súas cantareas ou regueifas. Era máis ben unha creación íntima, non para exhibir fóra nin para ir ás regueifas que, por outra parte xa case estaban morrendo, senón como un desaforo persoal. Esta actividade converteuse nun exercicio de memoria e tamén de creación, pois compoñía estrofas para falar sobre as cousas que acontecían ao seu arredor.

Como se di sempre, quen aprendeu a andar en bicicleta nunca o esquece e a Federico que tanto regueifara, agora na vellez, volveulle esa vea compositora.

Con respecto á gaita, non a volveron ver ata bastante despois de el morrer. El tiña tan interiorizado que non estaba ben visto tocar a gaita que foi tapando a afección. De feito, sempre dicía que a perdera durante unha reforma da casa, mais afortunadamente non fora así. Federico morreu no 2014, pero ninguén quixo andar tocando as súas cousas porque o seu taller de reloxeiro, sen el, resultáballe un lugar triste. Catro anos despois, no 2018, o seu neto Anxo atopouna un día remexendo entre as cousas do avó. A gaita estaba metida nunha caixa pero estaba moi estragada. Decidiron restaurala, cambiáronlle o fol e hoxe consérvase coa madeira de buxo en perfectas condicións e con todas as pezas asinadas por B. Carril, Santiago.



Afortunadamente, esa semente da música e o folclore segue na familia. Dous dos netos de Federico parece que herdaron ese gusto pola música do avó. Lois desde os 5 anos xa quixo aprender a bailar e lévao facendo desde aquela. Na actualidade tamén toca e, en ocasións especiais, toca a gaita de seu avó. E Anxo, que atopou a gaita, hoxe baila e toca o tambor. Cóntanos súa nai Mari Carmen que cando Lois comezaba a bailar, unha vez foino ver seu avó, xa moi maior, ao campo do Viso e gustoulle moito velo e mesmo dixo. “Este é meu”.

Hoxe xa non está entre nós “O Fandiño” de Rebordelo, mais seguro que estaría moi orgulloso de saber que a súa afección continúa nos do seu sangue. Hoxe xa non está mal visto ser gaiteiro senón que mesmo podes percorrer medio mundo tocando e triunfando coa gaita. Encantaríalle saber que tanto a súa filla coma os netos xa triunfaron en moitos escenarios galegos, na Bretaña francesa e mesmo en Nova York participando do grupo Ximiela de Louro.

E aínda máis se alegraría de saber que hoxe hai un movemento moi forte de recuperación da regueifa tanto na comarca de Bergantiños coma noutras por Galicia adiante, da man do colectivo Regueifesta. Sempre nos quedará a dúbida de se “O Fandiño” tería competido cos grandes mestres da comarca. É moi probable, pola idade, que coincidise algunha vez con Xosé González Muíño “O Atrevido”, que era de Grixoa de Esternande (Santa Comba, 1921) ou con Calviño de Tallo (Ponteceso, 1931) ou Mandián, dous dos grandes regueifeiros bergantiñáns da súa época. Quizais algún día poidamos atopar novos datos que boten luz sobre esta idea.



## Breve bibliografía e webgrafía sobre a regueifa


- BLANCO, Domingo: *A regueifa en Cabana de Bergantiños*. Concello de Cabana de Bergantiños, 2009
- CALVO GÓMEZ, Fermín: *Recordos dun regueifeiro*. Concello de Cabana de Bergantiños, 2007.
- SENDE, Séchu: *O povo improvisador. Aventuras sobre regueifa e poesía oral*. Através Editora, 2022
- Asociación Oral: “Personaxes históricos”, 22-05-2022, en <https://www.regueifa.org/persoaxes>
- Enreguéifate: <https://enregueifate.gal/regueifesta/>
- Que pasa na Costa: “Xosé Manuel Varela lembrará ós regueifeiros bergantiñáns na homenaxe a Mandián e Calviño”, 23-05-2022, en <https://www.quepasanacosta.gal>
- Que pasa na Costa: “A regueifa revive en Xornes, berce da canteira retranqueira bergantiñá”, 23-05-2022, en <https://www.quepasanacosta.gal>



# Coplas e regueifas de Federico Luaces Fandiño

Aínda que é sabido de todos que a regueifa é improvisada, cóstanos que quen regueifa vai compondo versos e practicando o ritmo para adquirir esta arte. A familia de Federico di que el compoñía moito, xa de maior, pero tamén que escribía e tiraba moitas porque xa non lles daba importancia ou porque renunciara a pensar en cantalas fóra. Mesmo así, consideramos que son un documento moi interesante pola propia composición en si e polas pingas de historia, de socioloxía, de sociolingüística e de crítica social que nelas se atopan. Ademais, poden ser un grande exemplo e unha fonte de inspiración para quen quixer aprender a regueifar. E sabemos que por aquí, en Carnota, hai un bo potencial en regueifeiros e regueifeiras.

Estas coplas que agora presentamos son parte das creacións de Federico Luaces Fandiño, algunhas das conservadas pola familia, coplas escritas en follas de papel coa súa caligrafía e que tratamos de reproducir tal e como foron escritas por el na columna esquerda e a súa escrita actualizada na columna dereita. Os criterios para a escrita actual foron usar o galego estándar e conservar algúns castellanismos e dialectalismos (en cursiva) só de estaren en posición de rima.



## Transcricións dos textos de Federico

## Poemas actualizados

Folla 1

Folla 1 (Sen título, nen datación)

Cumple anos Felíz  
cumple anos de verdade,  
edeseamosche todos  
Emuyta felicidade.

Aniversario feliz  
aniversario de verdade,  
e desexámosche todos  
moita felicidade.

Deus vendiga este Fogar  
etoda esta familia,  
equeira Deus que de aquí aun ano  
que teñan amesma alegría.

Deus bendiga este fogar  
e toda esta familia,  
e queira Deus que de aquí a un ano  
que teñan a mesma alegría.

Brindemos todos unidos  
de boa fe Ecorazón,  
etodos os problemas surxidos  
teran mellor Solución.

Brindemos todos unidos  
de boa fe e corazón,  
e todos os problemas xurdidos  
terán mellor solución.

Amemonos como hirmans  
con corazón Etenrura,  
etodas as outras cousas  
viran por añadidura.

Amémonos como irmáns  
con corazón e tenrura,  
e todas as outras cousas  
virán por añadidura.

Omais importante da vida  
ea unión da familia,  
porque cando esta falla  
oBarco vai aderiba.

O máis importante da vida  
é a unión da familia,  
porque cando esta falla  
o barco vai á deriva.

Aderiba tamen nos levan  
os politicos de España,  
porque xa estamos cheos  
de oír tanta patraña.

Á deriva tamén nos levan  
os políticos de España,  
porque xa estamos cheos  
de oír tanta patraña.

O Roldán xa roubou Muyto  
e os Marianos tamen,  
eo caso Palomino  
eu tamen non Sein queten.

O Roldán xa roubou moito  
e os Marianos tamén,  
e o caso Palomino  
eu tamén non sei que ten.

Xa outros andan Berrando  
pola pequena pantalla,  
que lle votemos a eles  
para gobernar España.

Omais importante da familia  
é que teñamos salud  
e esta aíque cuidala  
xa desde a xuventud.

Non fumes nin vevas viño  
nin tampouco andes borracho,  
que cando condusas ocoche  
podeste Rompér ocacho.

Si esta festa dura muito  
asta entra amañán  
cantanbos os paxariños  
como si fora o cerán.

Agora xa quedan poucos  
muitos arderon no Monte,  
ese bamos seguir así  
temos un má l orisonte.

A culpa témola todos  
porque os nosos Rapaciños  
cas escopetas de Balins  
matan moitos paxariños.

Contabanme os nosos vellos  
que co canto dos Ruiseñores,  
na alviña da maña  
despertaban os labradores.

Xa outros andan berrando  
pola pequena pantalla,  
que lles votemos a eles  
para gobernar España.

O máis importante da familia  
é que teñamos saúde  
e esta hai que coidala  
xa desde a xuventude.

Non fumes nin bebas viño  
nin tampouco andes borracho,  
que cando conduzas o coche  
podes romper o cacho.

Se esta festa dura moito  
ata entrar a mañá  
cántanvos os paxariños  
coma se fose o serán.

Agora xa quedan poucos  
moitos arderon no monte,  
e se imos seguir así  
temos un mal horizonte.

A culpa témola todos  
porque os nosos rapaciños  
coas escopetas de balíns  
matan moitos paxariños.

Contábanme os nosos vellos  
que co canto dos reiseñores,  
na albiña da mañá  
espertaban os labradores.



---

Folla 2: 12 de Diciembre de 1989  
por Federico Luaces

**Jústame escribir poemas  
que falen sempre de Galicia  
síntome con hua ubliga  
en un deber de Xusticia.**

**O voso programa Arestora  
está ben pra televisión,  
promove muita alegría  
e dá muita satisfacción.**

**Antes quero presentarme  
edecirvos avos quen són  
son un vello xubilado  
de preto de Corcubión.**

**Eson reloxeiro de oficio  
e labrador de profesión  
e agora son xubilado  
e vivo da miña pensión.**

**Estou vivindo en Rebordelo  
terriña en donde Nacín,  
nunca a quixen Cambiar  
por outra terra que Eubin.**

**Porque tamen fun Emigrante  
andiven pola Arxentina,  
pero tuven que boltare  
á nosa terra querida.**

**Eu son do Concello de Dumbría  
eda parroquia de Salgueiros,  
somos unha grande familia  
de labradores e caseteiros.**

---

Folla 2: 12 de decembro de 1989  
por Federico Luaces

Gústame escribir poemas  
que falen sempre de Galicia  
síntome con unha obriga  
e un deber de Xusticia.

O voso programa Arestora  
está ben para a televisión,  
promove moita alegría  
e dá moita satisfacción.

Antes quero presentarme  
e dicirvos a vós quen son:  
son un vello xubilado  
de preto de Corcubión.

E son reloxeiro de oficio  
e labrador de profesión  
e agora son xubilado  
e vivo da miña pensión.

Estou vivindo en Rebordelo  
terriña en onde nacín,  
nunca a quixen cambiar  
por outra terra que eu vin.

Porque tamén fun emigrante  
andei pola Arxentina,  
pero tiven que voltar-e  
á nosa terra querida.

Eu son do Concello de Dumbría  
e da parroquia de Salgueiros,  
somos unha grande familia  
de labradores e caseteiros.

**Temos un alcalde mui bon  
etamen emui Moderno,  
fíxonos as Ruas de cemento  
praque non nos enlamentos invernos.**

**Trouxonos hunha luz mui boa  
para alumbrar nas nosas casas  
que tiñamos que alumbrar avelas  
ou abombillas coma ascuas.**

**Agora si xa podemos  
mirar a televisión,  
xa entrades nas nosas casas  
só con apretar o Botón.**

**Moitos saúdos a Fidel  
he tamén a María Xosé  
e unha apertiña apupo  
que inda nonsein como hé.**

---

Folla 3: Marzo de 1991

**Todos sabemos haora que anchean  
a carretera,  
pero baise convertir  
en grandes vidios de Primera.**

**Desde Berdeogas a Cee  
botan un novo trasado,  
que bai aquedar tambien  
como unha vaca sin Rabo.**

**Cando pasa polos lugares  
botana polas hortas arriba,  
edeixan as casas nomedio  
como Barcos aderiba.**

**Abitantes de hesas casas  
eu querobos anunciar,  
que tedes a vida en peligro  
epouco ides adurar.**

Temos un alcalde moi bo  
e tamén é moi moderno,  
fíxonos as rúas de cemento  
para que non nos enlamentos nos invernos.

Tróuxonos unha luz moi boa  
para alumar nas nosas casas  
que tiñamos que alumar a candeas  
ou a bombillas coma ascuas.

Agora si xa podemos  
mirar a televisión,  
xa entrades nas nosas casas  
só con apretar o botón.

Moitos saúdos a Fidel  
e tamén a María Xosé  
e unha apertiña a Pupo  
que inda non sei como é.

---

Folla 3: Marzo de 1991

Todos sabemos agora  
que anchean a carretera,  
pero vaise converter  
en grandes “Videos de Primera”.

Desde Berdeogas a Cee  
botan un novo trazado,  
que vai quedar tan ben  
como unha vaca sen rabo.

Cando pasa polos lugares  
bótana polas hortas arriba,  
e deixan as casas no medio  
como barcos á deriva.

Habitantes desas casas  
eu quérovos anunciar,  
que tedes a vida en perigo  
e pouco ides durar.

Os coches ande aumentar muito  
elevatoran grave contenido,  
ebos no medio da carretera  
correiros moito perigo.

Eu nome sinto profeta  
pero adianto estas profecías,  
que os coches tirarán cas casas  
epeligran asbosas vidas.

Esto xa non pode ser unha linia  
tan mal feita,  
loitemos todos unidos  
por unha carretera dreita.

Rebordelo bai aser oprado  
e codesos aportela,  
e os coches nonaban aver  
para poder salir porela.

De Codesos e Vilanova  
bai apareser unha auto pista  
pero entre aquelas casiñas  
muitos romperan as crismas.

Non nos deixemos enganar  
poraqueles chibudos de barbas,  
que tratan de convencernos  
con bonitiñas palabras.

Nos sabemos mais que eles  
inda me lebe San Pedro,  
porque queremos unha carretera  
que non teña atrancos no medio.

Os coches han de aumentar moito  
e levarán grave contido,  
e vós no medio da estrada  
corredes moito perigo.

Eu non me sinto profeta  
pero adianto estas profecías,  
que os coches tirarán coas casas  
e perigan as vosas vidas.

Isto xa non pode ser  
unha liña tan mal feita,  
loitemos todos unidos  
por unha estrada dereita.

Rebordelo vai ser o Prado  
e Codesos a Portela,  
e os coches non a van ver  
para poder saír por ela.

De Codesos a Vilanova  
vai parecer unha autopista  
pero entre aquelas casiñas  
muitos romperán as crismas.

Non nos deixemos enganar  
por aqueles chibudos de barbas,  
que tratan de convencernos  
con bonitiñas palabras.

Nós sabemos máis ca eles  
inda me leve San Pedro,  
porque queremos unha carretera  
que non teña atrancos no medio.



Folla 4: Abril de 1991

Folla 4: Abril de 1991

**Estamos na primaveira  
etamén no mes de maio,  
eimos ter as votacións  
dos nosos compromisarios.**

Estamos na primavera  
e tamén no mes de maio,  
e imos ter as votacións  
dos nosos compromisarios.

**Eberemos os Nosos políticos  
Berrandonos polas Rúas  
que nos beñen ha solucionar todo  
equenon botemos mais bajullas.**

E veremos os nosos políticos  
berrádonos polas rúas  
que nos veñen solucionar todo  
e que non botemos máis bagullas.

**Alguns bannos adedir  
que eles teñen asolución do problema  
eque non choremos máis  
eque xa non sufriremos mais pena.**

Algúns vannos dicir  
que eles teñen a solución do problema  
e que non choremos máis  
e que xa non sufriremos máis pena.

**Estaremos contentos por un día  
en pouco he cada catro anos,  
porque anosa alegría  
asombrana os nosos paisanos.**

Estaremos contentos por un día  
un pouco, e cada catro anos,  
porque a nosa alegría  
asómbrana os nosos paisanos.

**Porque despois de aquel día  
parese un cortello baldeiro,  
que inda que berremos moito  
non nos oie ningun conselleiro.**

Porque despois daquel día  
parece un cortello baldeiro,  
que inda que berremos moito  
non nos oe ningún conselleiro.

**Somos os de Cee e os de Dumbría  
colindantes coa carretera,  
que atantas portas chamamos  
eniquén nos escoitou ca orella.**

Somos os de Cee e os de Dumbría  
colindantes coa carretera,  
que a tantas portas chamamos  
e ninguén nos escoitou coa orella.

**Porque os coidadores da carretera  
podeos partir barias centellas,  
que cando limpan asconetas  
arrancanos as pontellas.**

Porque aos coidadores da estrada  
pódenos partir varias centellas,  
que cando limpan as cunetas  
arráncannos as pontellas.

**Siosda Cotop mandan no goberno  
nós deixamos de protestar,  
epedimos un salario social pratodos  
pre vivir sin traballar.**

Se os da COTOP mandan no goberno  
nós deixamos de protestar,  
e pedimos salario social para todos  
para vivir sen traballar.

**Non ay postos de traballo  
eos que ay estan defraudados,  
escriben unha Nomina Bonita  
pero pajanlle menos cartos.**

Non hai postos de traballo  
e os que hai están defraudados,  
escriben unha nómina bonita  
pero páganlle menos cartos.

**Eaquel que proteste algo  
ou reclame o seu diñeiro,  
cando termina o contrato  
botano o paro obreiro  
erresultalle mais barato.**

E aquel que proteste algo  
ou reclame o seu diñeiro,  
cando termina o contrato  
bótano ao paro obreiro  
e resúltalle máis barato.

---

Folla 5: Febrero de 1995

---

Folla 5: Febreiro de 1995

**Puiol apoia a Felipe  
emarajal a Puiol,  
e cada día ai máis escandalos  
que salen da sombra o sol.**

Pujol apoia a Felipe  
e Maragal a Pujol,  
e cada día hai máis escándalos  
que saen da sombra ao sol.

**E Felipe quere gobernar,  
contra vento emarea,  
e cada día que pasa  
acousa ponse mais fea.**

E Felipe quere gobernar,  
contra vento e marea,  
e cada día que pasa  
a cousa ponse máis fea.

**Periodistas e Reporteiros  
andan atrás da Noticia,  
ecando descubren os estafadores  
botalle aman a xusticia.**

Periodistas e reporteiros  
andan atrás da noticia,  
e cando descubren os estafadores  
bótalles man a xusticia.

**Algun xasepuxo Rico  
coterrorismo do gal,  
e calaron ben opico  
ocultando ese mal.**

Algún xa se puxo rico  
co terrorismo dos GAL,  
e calaron ben o pico  
ocultando ese mal.

E carjaronlle aculpa  
a Domínguez e Amedo,  
pero Nunca lles dixeron  
que abía outros polo medio.

Pero aqueles policías  
fartos de tanto calar,  
romperon as melancolía  
e empezaron a falar.

Diciembre dia 8 de 1994

Dumbría ten un Centro Medico  
e o unico ie o primeiro  
que parese un aha granxa  
ou tamen un galiñeiro.

Granxa soo pola feitura  
galiñeiro polo alambre,  
eu cando estou alí dentro  
dame frio ou calambre.

Paraque queremos aquel casco  
sea frio ou sea quente  
o que precisamos todos  
e un servisio permanente.

Os sabados eos Domingos  
precisamos ali Urgencia,  
e encontramos todo cerrado  
ninguén nosda asistencia.

E o alcalde ten aculpa  
de que ocorra todo eso  
para Urgencias en Dumbría  
nunca nunca ó Ézaro.

E cargáronlle a culpa  
a Domínguez e Amedo,  
pero nunca lles dixeron  
que había outros polo medio.

Pero aqueles policías  
fartos de tanto calar,  
romperon a melancolía  
e empezaron a falar.

Decembro, día 8 de 1994

Dumbría ten un Centro Médico  
é o único e é o primeiro  
que parece unha granxa  
ou tamén un galiñeiro.

Granxa só pola feitura  
galiñeiro polo alambre,  
eu cando estou alí dentro  
dáme frío ou calambre.

Para que queremos aquel casco  
sexa frío ou sexa quente  
o que precisamos todos  
é un servizo permanente.

Os sábados e os domingos  
precisamos alí Urxencia,  
e encontramos todo cerrado  
ninguén nos dá asistencia.

E o alcalde ten a culpa  
de que ocorra todo iso  
pon urxencias en Dumbría  
nunca nunca no Ézaro.



O conto xae mui vello  
que falando de Dumbria,  
nunca tuvo boa avaca  
nin tampouco boa cría.

Eu tampouco estou contento  
porque son de Rebordelo,  
e o Alcalde cando nosbe  
parese que ve odemo.

Tranquilizate pequeno  
eo coche nono azaleres tanto,  
que muitos queo azaleraron  
estrellaronse no Barranco.

Portodo aquí Escrito  
direiche un dito que ai  
perdonadelle Noso Señor  
que non sabe o que fai.

Eu son un pouco poeta  
etamén son reloxeiro  
ese tivera algun en chufe  
podia ser Concelleiro.

Logo chega a primaveira  
alguns andevir Berrando,  
imos sacarvos do inferno  
que ben mal o estades pasando.

Nos seguiremos loitando  
e non crremos en ninguen  
que tanto prometio  
a sabemos como nos ten.

Non ai que preocuparse  
que temos unha boa pista,  
nohai mal que dure cen anos  
nin corpo queo Recista.

O conto xa é moi vello  
que falando de Dumbria,  
nunca tivo boa a vaca  
nin tampouco boa cría.

Eu tampouco estou contento  
porque son de Rebordelo,  
e o alcalde cando nos ve  
parece que ve o demo.

Tranquilízate Pequeño  
e o coche non o aceleres tanto,  
que moitos que o aceleraron  
estreláronse no Barranco.

Por todo o aquí escrito  
direiche un dito que hai:  
"Perdóadelle Noso Señor  
que non sabe o que fai".

Eu son un pouco poeta  
e tamén son reloxeiro  
e se tivese algún enchufe  
podía ser Concelleiro.

Logo chega a primavera  
algúns han de vir berrando,  
imos sacarvos do inferno  
que ben mal o estades pasando.

Nós seguiremos loitando  
e non cremos en ninguén  
que [algún] tanto prometeu  
e sabemos como nos ten.

Non hai que preocuparse  
que temos unha boa pista,  
non hai mal que dure cen anos  
nin corpo que o resista.

Van arreglar ben os camiños  
en Salgueiros e en Bustelo,  
e nos que somos pouquiños  
oía que on leve o demo.

Pero eu xa estou afeito  
a vivir na esclavitude.  
Pero o que non che perdoo  
é o do Centro de Saude.

A xente alí toda prejunta  
cando virán os nosos cervicios,  
porque esto tal como está  
nonda ninguns veneficios.

Queremos un centro medico  
que funcione noite e dia  
e un persoal cualificado  
dentro da enfermería.

Preatender os accidentados  
sangrando pola cabeza ou aspernas  
praque lle voten unhas torniquetas  
ouacaso un par de vendas.

Porque de pouco nos vale  
que nos leven o hospital,  
senon nos dan os primeiros auxilios  
estannos aumentando o mal.

Xa non importa un real  
o que importa é ser alcadle  
e coller boas fortunas  
pero eso anos non nos vale.

Ti governa como queiras  
eu apartome praun lado,  
xa colleras acolleita  
do que aias cementado.

Van amañar ben os camiños  
en Salgueiros e en Bustelo,  
e nós que somos pouquiños,  
oín que nos leve o demo.

Pero eu xa estou afeito  
a vivir na escravitude.  
Pero o que non che perdoo  
é o do Centro de Saúde.

A xente alí toda pregunta  
cando virán os nosos servicios,  
porque isto tal como está  
non dá ningún beneficio.

Queremos un centro médico  
que funcione noite e día  
e un persoal cualificado  
dentro da enfermería.

Para atender os accidentados  
sangrando pola cabeza ou as pernas  
para que lle boten unhas torniquetas  
ou acaso un par de vendas.

Porque de pouco nos vale  
que nos leven ó hospital,  
se non nos dan os primeiros auxilios  
estannos aumentando o mal.

Xa non importa un real  
o que importa é ser alcalde  
e coller boas fortunas  
pero iso a nós non nos vale.

Ti governa como queiras  
eu apártome para un lado,  
xa collerás a colleita  
do que teñas sementado.

**Enonche ofendan os meus versos  
que estouno pasando Bomba,  
e cuidate moitos dos teus amigos  
que che critican desde A Sombra.**

E non che ofendan os meus versos  
que estouno pasando bomba,  
e cóidate moito dos teus amigos  
que te critican desde a sombra.

---

29 de xaneiro de 1995

---

29 de xaneiro de 1995

Federico Luaces

Federico Luaces

**Que bonito e vivir  
as festas do Carnaval,  
olvídase un de sufrir  
e parese que se alega o mal.**

Que bonito é vivir  
as festas do Carnaval,  
esquécese un de sufrir  
e parece que se afasta o mal.

**Esas filloas de Antroido  
que se fan desde Aantigüedade,  
eun simbolo de Alegría  
e tamén de Amistade.**

Esas filloas de Antroido  
que se fan desde a antigüidade,  
é un símbolo de alegría  
e tamén de amizade.

**Os nosos antepasados  
compartían a festa, coveciño,  
cumpratiño de filloas  
e un ha cunca de viño.**

Os nosos antepasados  
compartían a festa co veciño  
cun pratiño de filloas  
e unha cunca de viño.

**Vivian nun cortelliño  
con un candiliño de gas  
e estaban todos felices  
desde ovello asta oRapaz.**

Vivían nun cortelliño  
con un candiliño de gas  
e estaban todos felices  
desde o vello ata o rapaz.

**E proutro dia mais  
ivan vicitari o compadre,  
aquelo de compartir o Antroido  
como todo mundo sabe.**

E para o outro día máis  
ían visitar o compadre,  
aquilo de compartir o Antroido  
como todo o mundo sabe.

**Derrochaban Alegría  
etamén moito umor,  
todos alegres e contentos  
sin perder o control.**

Desbordaban alegría  
e tamén moito humor,  
todos alegres e contentos  
sen perder o control.



Elevan un farol de Noite  
pranon caer no camiño  
enon romper as canelas  
ou talvez o fuciño.

Eivan así camiñando  
recorrendo moitos lugares  
e encontraban xente solidaria  
que lle daban uns reales.

Eo que non lledabanada  
xaotiñan ben pensadiño,  
en chianlle a cara de Borra  
como sifora un porquiño.

Os omes bestíanse de Mulleres  
con unhas saíñas de lan,  
he a Remancabans parriba  
e decían algun Refrán.

Bide meus omiños vide  
e Poñebos o meu lado,  
que teño moito calor  
e axudademe a sofocalo.

Sempre aparecía algún  
con un caldeiro de auga,  
e arrebolabanllo as canelas  
cara olada da fragüa.

O que importa eo umor  
e tamén a halegría,  
que persoa que ousa  
pode ter mais longa vida.

Sube aeste tran enseguida  
enon odeixes escapar  
setodo levas con umor  
navida podes triunfar.

E levan un farol de noite  
para non caer no camiño  
e non romper as canelas  
ou talvez o fociño.

E ían así camiñando  
percorrendo moitos lugares  
e encontraban xente solidaria  
que lles daban uns reales.

E o que non lles daba nada  
xa o tiñan ben pensadiño,  
enchíanlle a cara de borra  
coma se fose un porquiño.

Os homes vestíanse de mulleres  
con unhas saíñas de lan,  
e arremangábanas para arriba  
e dicían algún refrán.

Vide meus homiños, vide  
e poñédevos ó meu lado,  
que teño moito calor  
e axudademe a sofocalo.

Sempre aparecía algún  
con un caldeiro de auga,  
e arrebolábanllo ás canelas  
cara o lado da fragua.

O que importa é o humor  
e tamén a alegría,  
que persoa que ousa  
pode ter máis longa vida.

Sube a este tren enseguida  
e non o deixes escapar  
se todo levas con humor  
na vida podes triunfar.

Nonte encerres nacasa  
ninte fagas mala sangue,  
que caerás na depresión  
oute enfermarás do pancre.

Non te encerres na casa  
nin te fagas mala sangue,  
que caerás na depresión  
ou enfermarás do pancre.

Abandona todas aspenas  
ecambias por alegrías,  
enon creas que os meus poemas  
que son meras fantasías.

Abandona todas as penas  
e cámbiaas por alegrías,  
e non creas que os meus poemas  
que son meras fantasías.

Oimos todos os días  
ofendidos e ofensores,  
todos nos estandecindo  
quenos fan grandes favores.

Oímos todos os días  
ofendidos e ofensores,  
todos nos están dicindo  
que nos fan grandes favores.

Eo sidadan de apé  
ten que seguir de Emigrantes,  
porque hai moitos parasitos  
edemasiado Rumiantes.

E os cidadáns de a pé  
teñen que seguir de emigrantes,  
porque hai moitos parasitos  
e demasiados ruminantes.

Enon podemos preguntar  
polos fondos da nación,  
dinnos que eso he Reservado  
enon nos dan información.

E non podemos preguntar  
polos fondos da nación,  
dinnos que iso é reservado  
e non nos dan información.

Evemos algun funcionario  
que ten un soldo pequeno,  
e compra casas emais casas  
ecoche a todo terreno.

E vemos algún funcionario  
que ten un soldo pequeno,  
e compra casas e máis casas  
e coches a todo terreno.

Edin que non hai que defraudar  
a Segurida Social  
equeren sacarnos as medicinas  
econque imos calmar omal.

E din que non hai que defraudar  
á Seguridade Social  
e queren sacarnos as medicinas  
e con que imos calmar o mal.

Eu nonpodo entendér  
estas cousas tan complexas,  
ouque algúns señores aforados  
estan Metidos entre regas.

Eu non podo entender  
estas cousas tan complexas,  
ou que algúns señores aforados  
estean metidos entre reixas.

Febreiro 5 de 1995 /

Por Federico Luaces

**galicia terra querida  
terra de verdes pradeiras,  
alá Muito pasto cría  
nas nosas vacas leiteiras.**

**Eogoberno animounos  
botar ganado abondo,  
ede pronto abandonounos  
birando acara prolonbo.**

**Desde que seafiliou  
a comunidade Europea,  
cambiou toda apolítica  
e empesou achismorra.**

**Olabrador xanonpode  
criar leite em abundancia,  
amenazanos con Multas  
eque vai comer ha infancia.**

**Ogoberno parece que quere  
que todo beña de afora,  
apolemica esta servida  
everemos oqueben haora.**

**España está secando toda  
nonten auga nin pra lavar,  
Galicia que ten abonda  
non nos deixan traballár.**

**Fixan nos cuota de leite  
enon podemos aumentar nela  
eaquel que sepase un pouco  
armanlle ha már morena.**

Febreiro 5 de 1995 /

Por Federico Luaces

Galicia terra querida  
terra de verdes pradeiras,  
alá moito pasto cría  
nas nosas vacas leiteiras.

E o goberno animounos  
a botar gando abondo,  
e de pronto abandonounos  
virando a cara para o lombo.

Desde que se afiliou  
á Comunidade Europea,  
cambiou toda a política  
e empezou a chismorra.

O labrador xa non pode  
criar leite em abundancia,  
ameázanos con multas  
e que vai comer a infancia.

O goberno parece que quere  
que todo veña de fóra,  
a polémica está servida  
e veremos o que vén agora.

España está secando toda  
non ten auga nin para lavar,  
Galicia que ten abonda  
non nos deixan traballar.

Fíxannos cota de leite  
e non podemos aumentar nela  
e aquel que se pase un pouco  
ármanlle a marimorena.



**Asta ofrecen algúns cartos  
a aquel que abandone ha produccion  
aberá que botar un candado aboi  
eo Burato un tapóm.**

Ata ofrecen algúns cartos  
a quen abandone a produción  
haberá que botar un cadeado ó boi  
e ó burato un tapón.

**E mandannos prantar carballos  
porque sonbós pro medio ambiente  
pronto beremos os fallos  
equa Bai comér a xente.**

E mándannos plantar carballos  
que son bos para o medio ambiente  
pronto veremos os fallos  
e que vai comer a xente.

**E plantade patacas nas leiras  
e tomates en mazetas,  
e se bos sobra algunha terra  
Botade millo amais bersas.**

E plantade patacas nas leiras  
e tomates en macetas,  
e se vos sobra algunha terra  
botade millo e máis verzas.

**Abandonade A costumbre  
de ir comprar os cameóns,  
mirá que estamos mantendo  
amais de catro lambons.**

Abandonade o costume  
de ir comprar ós camións,  
mirade que estamos mantendo  
a máis de catro lambóns.

**Emirade oque está pasando  
co Aceite de oliva,  
encarecerono tanto  
e cadaun Aplica o ceu iva.**

E mirade o que está pasando  
co aceite de oliva,  
encarecérono tanto  
e cada un aplica o seu IVA.

**Supoño que xuntan cartos  
como pra cotizar en Bolsa,  
enos que Estamos pouco fartos  
aique comelo de colsa.**

Supoño que xuntan cartos  
como para cotizar en Bolsa,  
e nós que estamos pouco fartos  
hai que comelo de colza.

**Xanon podemos ajuantar  
tantas irregularidades,  
pordonde andan metidos  
asnosas autoridades.**

Xa non podemos aguantar  
tantas irregularidades,  
por onde andan metidas  
as nosas autoridades.

**E eles sempre Responden  
que Estan todos nos seus carjos,  
elogo porque suceden  
semegantes Espilfarros.**

E eles sempre responden  
que están todos nos seus cargos,  
e logo porque suceden  
semellantes despilfarros.

E algúns hasta Rebotan  
contra os medios de comunicación,  
xa lle din que son culpables  
do des Sociego da Nación.

E eu digo en Esta ocasión  
que grazas os periodistas,  
que descubren tantas cousas  
que nos nontiñamos nin pistas.

Eu xalle chamo inspetores  
de obo venestar social,  
que Buscan o vendetodos  
e critican todo o mal.

E que venpodiamos vivir  
se todos fomos legais  
pero uns aRaventanse de traballo  
e outros Amazan caudales.

E tamén aialgúns señores  
que aumentn o precio das cousas,  
e nós pajamolas todas  
mirade que nonson poucas.

E levemos moito cuidado  
con pedir cartos os Bancos  
que botannos fora das casas  
e temos que ir dormir os campos.

O contrato e sinxelo  
non he ninguha cadea,  
pero na letra miuda  
firmamos a nosa condena.

E algúns ata rebotan  
contra os medios de comunicación,  
xa lle din que son culpables  
do desasosego da Nación.

E eu digo nesta ocasión  
que grazas ós periodistas,  
que descubren tantas cousas  
que nós non tiñamos nin pistas.

Eu xa lles chamo inspectores  
do bo benestar social,  
que buscan o ben de todos  
e critican todo o mal.

E que ben podiamos vivir  
se todos fomos legais  
pero uns rebéntanse de traballo  
e outros amasan caudais.

E tamén hai algúns señores  
que aumentan o prezo das cousas,  
e nós pagámolas todas  
mirade que non son poucas.

E levemos moito cuidado  
con pedir cartos ós bancos  
que nos botan fóra das casas  
e temos que ir durmir ós campos.

O contrato é sinxelo  
non é ningunha cadea,  
pero na letra miúda  
asinamos a nosa condena.

Velaí a maior parte das coplas conservadas de Federico Luaces Fandiño, “O Fandiño” de Rebordelo. E xa para rematarmos este traballo, queremos engadir unha pequena copla:

*E para poñerlle o ramo  
á homenaxe a Federico  
queremos darlle as grazas  
á familia do “Fandiño”.*

M<sup>a</sup> Luz Barreiro Otero, coordinadora do EDLG do IES Lamas de Castelo  
Carnota, xuño de 2022